

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Navaza, Gonzalo (2012): “Un texto inédito de 1827: *A carta do cura de Esmelle*”, en R. Mariño Paz (ed.): *Papés d’emprenta condenada (II). Lingua galega e comunicación nos inicios da Idade Contemporánea*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 513-554.



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

**UN TEXTO INÉDITO
DE 1827: A CARTA
DO CURA DE ESMELLE**

Gonzalo Navaza
Universidade de Vigo

A *Carta do cura de Esmelle* é un escrito literario de carácter satírico, en verso, composto no primeiro terzo do século XIX. Ademais do interese que suscita por razóns meramente cronolóxicas, interesa tamén como mostra dun cultivo literario da nosa lingua na correspondencia privada do clero rural galego nun tempo en que este grupo social tivo especial protagonismo na vida pública. Non é unha peza única, obra dun só autor, senón un conxunto de tres textos debidos a polo menos dúas mans: a carta do cura de Esmelle propiamente dita, dirixida a un cura amigo, a carta de resposta deste amigo e un terceiro texto paródico en castelán. Fan referencia a acontecementos, persoas e lugares reais, e aínda que chegan ata nós como anónimos, permiten coñecer a identidade dos autores, ou polo menos a do autor principal, quen desde o título se declara párroco de San Xoán de Esmelle. Esmelle é unha freguesía do alfoz ferrolán, arciprestado de Trasancos, diocese de Mondoñedo. Coma outras parroquias rurais do actual termo municipal de Ferrol, daquela pertencía ao concello de Serantes.

Na súa condición de membro do clero mindoniense, o cura de Esmelle debeu ter contacto coa tradición de emprego literario do galego iniciada a comezos do XIX arredor do Seminario de Santa Catarina da capital diocesana, por mais que en rigor el non pertenza á nómina de poetas galegógrafos saídos dese *alpendre de sombra e de luar* (Villares Mouteira 2009), xa que, como veremos, non cursara estudos no seminario de Mondoñedo senón que procedía de Lugo, pois era natural desta diocese. Que acabase como párroco na terra de Trasancos haberá que atribuírlelo en última instancia aos condes de Lemos, que exercían señorío en Esmelle e o seu anexo San Xurxo da Mariña, coma noutras freguesías da zona, con dereito de presentación do curato.

A *Carta do cura de Esmelle* non é un escrito destinado a ser impreso ou feito público. A súa canle de transmisión vénnos confirmada pola “Contestación” do destinatario, ao tempo que nos permite considerar a existencia dunha tradición de poesía festiva de difusión restrinxida, manuscrita ou oral, que puido gozar de

certa vitalidade, aínda que por tratarse de textos de carácter eminentemente privado, só excepcionalmente chegaron ata nós. Literatura quizais xerada na propia relación epistolar entre curas ou destinada a ser lida en reunións máis ou menos informais, sobremesas de xantares na casa dun abade amigo e colega, acaso antigo condiscípulo dos anos de estudante. Quizais o emprego do galego neses escritos era só ocasional, pero non debía de ser insólito. Nos que forman a *Carta do cura de Esmelle* o galego tampouco é a lingua exclusiva, pois están en castelán o texto final e algún diálogo da primeira carta, mais o castelán recibe un tratamento cómico ou paródico, en tanto que o galego se amosa como a lingua non marcada do conxunto desde o propio título, a diferenza doutros textos literarios galegos contemporáneos onde os elementos paratextuais (títulos, indicacións escénicas, etc.) poden aparecer en castelán. Aquí o uso do galego tamén obedece a razóns compositivas e narrativas, requirido por un trazado das escenas e os diálogos que emprega a lingua castelá como recurso cómico (en boca da criada no seu *castillano*) e como unha das marcas caracterizadoras dos personaxes obxecto da sátira (o comisario de guerra e a súa muller).

Os aspectos sociais e sociolingüísticos acrecentan o interese desta sátira, produción interna do clero rural de Trasancos de comezos do século XIX para ridiculizar unha autoridade militar de Ferrol. Desde o século anterior, os arsenais e a capitalidade do departamento marítimo favoreceran a consolidación dun importante núcleo de poboación cunha particular estrutura social moi polarizada, ocupando espazos urbanos de creación recente separados por fronteiras de clase¹ e con alta proporción de poboación alóctona, o que explica que a *Real Villa* ferrolá (aínda non recibira o título de cidade) se convertese nun poderoso foco de irradiación do castelán e de condutas lingüísticas afectadas de prexuízos diglósicos. Atopamos eco disto, en datas non moi posteriores ao texto do cura de Esmelle, no *Diccionario Geográfico-Estadístico* de Madoz, onde se interpreta o alto de grao de castelanización como sinal da *fina educación* das xentes:

«...Hasta el idioma gallego, conservado en las aldeas, va degenerando según se acercan los pueblos a la capital del departamento; allí el lenguaje, la pronunciación y las maneras,

¹ Cardesín, que fala de *dos ciudades*, sinala o significativo da lingua dos topónimos: *La Magdalena* como espazo dos oficiais e os señores, *Esteiro* o da marifeiría e as clases traballadoras.

dan á conocer la fina educación de los naturales ó criados en una villa frecuentada por ilustrados viajeros y habitada por no pocas personas científicas ocupadas en la dirección de las obras del arsenal y en las oficinas departamentales...» (Madoz 1845-49: 8, 62 [s.v. Ferrol. “Estado de Instrucción Pública. Usos y costumbres”])

Desde o punto de vista literario, os textos que forman a *Carta do cura de Esmelle* poden vincularse coa poesía festiva dezaoitesca. Máis achegado aos modelos populares o autor da carta propiamente dita, máis requintado na versificación o autor da resposta, tanto un coma o outro ben poden inserirse na tradición da sátira ilustrada (non por ilustrada menos barroca, diríamos) do cura de Fruíme, de Cornide ou de Fandiño. Son composicións elaboradas sen máis pretensión ca o divertimento, pero non exentas de vontade de estilo, cos seus logros e acertos literarios; nun rexistro predominantemente coloquial, gustan de servirse de recursos populares pero tamén de latinismos, da parodia de fórmulas xudiciais ou académicas ou de referencias cultas que nos informan do código compartido polo autor e os destinatarios. A ese código pertencen non só as claves de moitos dos equívocos e xogos de palabras, senón tamén certos trazos propios dunha *xiria eclesiástica ou colexial*, que en ocasións acusa a presión do castelán no léxico e na fraseoloxía mais tamén ofrece valiosa colleita enxebre e curiosas creacións expresivas orixinais. Quizais poida servir como exemplo destas o reiterado uso de *comedia* por ‘comida’, sometendo os substantivos a un forzado parentesco, que inevitablemente fai lembrar o uso de *bucólica* co mesmo significado (nun xogo co latín *bucca*) que faría décadas máis tarde Francisco Añón, outro ex seminarista.

Comedia sobre a *comedia*, a narración da *Carta do cura de Esmelle* ten no *comer* o elemento central da súa trama, que consiste nun conflito de autoridades en disputa do alimento. A intención satírica e o esquematismo preséntannos os feitos e os personaxes cos trazos caricaturescos dunha fábula, pero o que se nos refire son sucesos efectivamente reais, e baixo a aparencia cómica teñen moito de trágicos, como declara o propio cura de Esmelle, se os situamos nas coordenadas en que se produciron: as dunha sociedade apouvigada pola fame. A penosa situación económica da España do reinado de Fernando VII, no contexto da emancipación das colonias americanas e a longa crise arrastrada desde a guerra contra os franceses, manifestouse de maneira gravísima en Ferrol e a terra de Trasancos:

os estaleiros paralizados², a mariña sen percibir ou percibindo tarde e mal os seus salarios³ e toda a comarca padecendo unha situación que o historiador local Montero Aróstegui, contemporáneo dos feitos, cualificaba de *espantosa miseria* (1859: 172).

Polo que se refire ao conflito de autoridades, entre o cura párroco de San Xoán de Esmelle e o comisario de guerra de Ferrol non parece que houbera simplemente un problema persoal. Neles converxen seguramente varias liñas de tensión. Unha é a inveterada retesía que o clero ordinario do arciprestado de Trasancos mantiña coa administración militar e eclesiástica ferrolá, desde que en 1768 se creara a figura do tenente vicario castrense e comezaran a inzar as parroquias castrenses na cidade e as inmediacións (as primeiras a de San Fernando, orixinalmente no barrio de Esteiro, e mais a da Graña), non sometidas á disciplina diocesana de Mondoñedo, disputándolles territorio, feis e beneficios ás parroquias tradicionais (Martín García 2000: 55). Por outra banda, non sendo nos breves períodos en que houbo alcaldes constitucionais civís, en Ferrol adoitaban confluír na persoa do gobernador da praza a autoridade civil e autoridade militar, pero a ampla xurisdición desta contrastaba coas limitacións daquela, circunscrita ao núcleo urbano, polo que nas relacións coas parroquias rurais dos arredores se producían frecuentes desavinzas⁴. As distancias acentuáronse sen dúbida cos enfrontamentos de absolutistas e liberais durante o reinado de Fernando VII, pois mentres o clero rural constituía un dos bastións máis activos do bando servil, a vila departamental (non só a praza militar senón o conxunto da súa poboación) era decididamente liberal⁵. Todo iso pode explicar as motivacións e a intención última da *Carta do cura de Esmelle*.

² Durante o reinado de Fernando VII a industria naval ferrolá estivo practicamente morta, e só na chamada *década ominosa* comezou unha tímida recuperación. O longo período que pasou desde a botadura da corbeta *Indagadora*, en 1804, ata a construción do seguinte navío, a fragata *Lealtad*, en 1824, foron anos «que el Ferrol recordará siempre lleno de espanto» (Rosell 1865: 98).

³ «Se debían al departamento 58 mensualidades, y los oficiales pedían limosna ó sucumbían á la necesidad» (Fernández Duro 1903: IX, 130).

⁴ A falta de harmonía coas parroquias circundantes provocara, no ano 1809, o fracaso de Ferrol no seu propósito de facer acopio de víveres para resistir un eventual ataque francés por terra (Osuna Rey 2006: 91).

⁵ É sintomático que en 1823, despois da capitulación das autoridades liberais ferrolás, fracasase o propósito de crear na “Real Villa” unha unidade de voluntarios realistas coma as doutras localidades, pois aínda que se presentaron algúns oficiais, na práctica non puideron constituírse por falta de tropa que mandar (Montero Aróstegui 1859: 178).

No fondo hai tamén un conflito entre o mundo rural tradicional e o urbano de novo cuño, coas súas repercusións culturais e lingüísticas. Fronte á forte irradiación castelanizante do núcleo castrense e urbano ferrolán, os párrocos das freguesías do alfoz recoñecíanse sen dúbida na súa común lingua materna galega; moitos deles cursaran estudos no seminario mindoniense de Santa Catarina e tiveran contacto co emprego literario do galego, polo que non debe sorprendernos que usasen esta lingua como vehículo dos seus divertimentos e das súas complicidades.

O MANUSCRITO

A carta do cura de Esmelle permanecía inédita, e descoñecida ou ignorada, ata que en 2008 se incluíu unha copia fotográfica do manuscrito entre o fondo inaugural da biblioteca virtual *Galiciana*⁶, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, dentro dun repertorio heteroxéneo, froito dunha escolla aparentemente aleatoria, de impresos e manuscritos relacionados con Galicia e conservados en diversos arquivos e bibliotecas. A nota que acompaña esa reprodución descríbese como peza satírica manuscrita da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, composta por nove follas de 22 cm, sen encadernar, na carpeta CDU 869.9-7^o17^o. Tamén lle atribúe, erradamente, a data de 17-- , isto é, o século XVIII. Na actualidade o manuscrito, xa encadernado, consérvase na mesma Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago co código Ms. 665. Non consta a data. Tampouco non consta, nin no exemplar nin nos índices que podemos consultar, ningunha indicación acerca da súa orixe ou procedencia.

Este manuscrito leva na primeira das follas, a xeito de portada, un título extenso e descritivo: *Carta do cura de Sⁿ Xsuan de Esmelle na que lle dice á un seu amigo como fuxéoo dun tal Pico que lle quería pegar un bon petardo ó día do Patrono da sua Parroquia; pero ó petardeyro saleo ben e compretamente amolado* (f 1r). Non obstante, este título corresponde só ao primeiro dos textos, isto é, a carta propiamente dita, que no seu día foi efectivamente enviada e recibida. Completan

⁶ É a participación galega no proxecto de biblioteca virtual *Europeana*. Na actualidade (febreiro de 2011) accesible en <http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>. Hai noticia impresa do achado da Carta do cura de Esmelle e o anuncio dunha próxima publicación do texto (esta mesma) en Mariño Paz, Ramón e Suárez Vázquez, Damián 2010: p. 16.

o manuscrito dous textos suscitados polo envío da carta: un é a carta da resposta do amigo e o outro unha peza final que se divide á súa vez en dúas partes. O conxunto (f. 2r - f. 8v) suma 342 versos, agrupados deste xeito:

- a. “Carta do cura de Esmelle” (156 versos)
- b. “Contestación” (110 versos)
- c. “Pedimento” (64 v.) e “Auto” (12 v.) (76 versos)

O galego é a lingua dos dous primeiros, o que representa máis do 75% do total. Os títulos “Pedimento” e “Auto” responden ás acepcións administrativas ou xudiciais deses termos: *pedimento* é ‘solicitudude ou instancia que se presenta ante un xuíz ou unha autoridade’, e *auto* ‘forma de resolución xudicial que decide cuestións secundarias para as que non se require sentenza’.

No texto descrito polo título, o párroco de San Xoán de Esmelle, en versos de romance, refírelle a un seu amigo, tamén cura, a maña con que se librou da visita dun comisario de guerra de Ferrol, don Xoán do Pico ou Juan del Pico, que acudía a Esmelle acompañado da muller e doutras seis persoas co propósito de xantar na casa reitoral o día da festa da parroquia, segundo un costume que se viña repetindo desde había anos. A esta carta responde o amigo coa segunda parte, titulada “Contestación”, formada por once décimas, onde celebra a narración do de Esmelle, asume a encomenda de escribir algo sobre a anécdota e comenta ou apostila varios dos seus aspectos cómicos. Logo desta resposta vén a peza en castelán que parodia as formas dun procedemento legal, cun “Pedimento”, finxidamente realizado polo comisario de guerra reclamando da autoridade a posesión ou confirmación no seu cargo, en versos de romance, e o “Auto” final de 12 versos, agrupados en tres redondillas, onde a autoridade lle recoñece ese dereito.

Os textos en galego teñen, polo tanto, dúas autorías: a do cura de Esmelle e a do seu amigo destinatario da carta e autor da resposta. Desbotamos a posibilidade de que a correspondencia epistolar sexa ficticia e obedeza todo o conxunto a unha única man, pois alén de certas diferenzas na destreza versificadora duns textos e outros, atopamos tamén diverxencias lingüísticas e mesmo diferente escolla lexical en contextos idénticos (*pellico (de ovella) / pelexsó*). A parte final en castelán podería ser obra dunha terceira man non identificable, pero hai motivos para atribuírla tamén ao autor da primeira carta, o cura de Esmelle, dadas as semellanzas sintácticas entre a versificación da “Carta” inicial e a do “Pedimento”, o emprego dos mesmos recursos expresivos e xogos de palabras (entre eles o

mencionado da *comedia* por *comida*) e de versos practicamente iguais (*Eu cada vez que me acordo... / Y cada vez que me acuerdo...*).

No remate da carta inicial, o cura de Esmelle, recoñecéndolle ao destinatario habilidades como poeta, pídelles que lles fale do asunto a outros (150-152: *porque sei que eres poeta / botalles algo de Esmelle / e falalles desta festa*). Na “Contestación”, o amigo comprométese a cumprir o que se lle pide (b91-b92: *Quedo amiguño encargado / de decirlles algo deso...*). Non sabemos quen son esas persoas aludidas no pronome *lles*, que han de *verter babas* coa risa cando se lles conte como foi burlado o comisario; tratándose dunha correspondencia entre curas, é verosímil que tamén o sexan eses terceiros.

Os libros parroquiais de Esmelle, conservados no Arquivo diocesano de Mondoñedo, permiten cotexar a caligrafía dos seus párrocos coa do manuscrito compostelán e fannos concluír que este non é autógrafa, senón copia de man descoñecida. Tampouco ha de ser de man do amigo e destinatario da carta, autor da “Contestación”, a xulgar polos fallos na transcripción dalgúns dos seus versos (*cortes* por *corteses* en b43, rompendo a métrica; *cabras* por *crabas* en b99, rompendo a rima...) e outros erros xa detectados e corrixidos coas mesmas letra e tinta durante o proceso de copia, como en *locura / loucura* e *lijeyra / lixseyra...* (vid. notas ao texto). Certos trazos lingüísticos do título inicial conducen a pensar que o seu autor pode ser o propio copista, que presenta no seu galego algúns detalles non coincidentes co galego dos autores dos versos. Non sabemos se a copia é contemporánea da composición (o tipo de papel, letra e tinta non se opoñen a que o sexa), pero semella que o copista tampouco estaba familiarizado coa xeografía ferrolá, dado que escribe en galego o nome da Malata sen artigo (*Rector de Malata*), o que nos leva a supoñer que o texto tivo algunha difusión, por reducida que fose, fóra do círculo inicial.

No recoñecemento que o cura de Esmelle fai da condición de poeta do seu amigo podemos entender unha declaración implícita de modestia poética pola súa parte. Co áxil trazado das escenas e a naturalidade e enxeño dos diálogos, no romance do cura de Esmelle brillan máis as virtudes de narrador ca as de poeta, pois incorre por veces na repetición fatigosa e no ripio insulso, e parece manexarse mal fóra do romance, como vemos na parte final en castelán, coa súa rima fallida na última redondilla. O amigo, autor da “Contestación”, de acordo co mencionado recoñecemento, parece amosar nas súas décimas a habelencia de quen ten máis exercitados os dotes de rimador.

DATA DE COMPOSICIÓN E CIRCUNSTANCIAS

Atribuímoslle ao conxunto a data de 1827 partindo da información relativa aos cargos públicos exercidos por persoas expresamente mencionadas nos textos.

A principal referencia é a propia folla de servizos do comisario Xoán do Pico, o personaxe obxecto da sátira, que exerceu no *ramo de Cuenta y Razón del Ejército* en Ferrol desde 1815 ata 1834. Aparece por primeira vez no *Estado militar de España* de 1816 como *Don Juan del Pico*, con destino de comisario de guerra en Ferrol coa condición de *graduado*, indicándose o ano de 1815 como data da toma de posesión (EME 1816: 287). Mantense igual nos seguintes anuarios ata 1823, pero nos de 1824, 1825 e 1826 non aparece nin entre os comisarios de guerra nin con ningún outro cargo. En 1827 (EME 1827: 167) reaparece como comisario de guerra consolidado (xa non *graduado*), e tamén nos anuarios seguintes, constando neles 1827 como data da toma de posesión (EME 1828: 167). Nos anos 1831 e 1832 figura como Comisario Honorario (EME 1831: 183; EME 1832: 256) e en 1833 e 1834 como Comisario Ordenador e Contador Principal (EME 1833: 261-262; EME 1834: 188). Supoñemos que foi 1834 o seu último ano de exercicio, pois non volve aparecer nos anuarios posteriores.

Atendendo ao comisario Do Pico, pois, temos un primeiro marco cronolóxico para datarmos a composición entre 1815 a 1834, que axiña poderemos reducir con outras informacións temporais contidas no texto. Partindo da referencia que se fai no “Auto” final a outra persoa real, Juan Cardemil, quen exerceu como escribán de número en Ferrol entre 1791 e 1836, estas últimas datas xa foran dadas por Mariño e Suárez (2010: 16) como termos *post quem* e *ante quem* para a *Carta do cura de Esmelle*. Ignoramos se foi tamén esta a razón que levou a etiquetar o manuscrito como do século XVIII na reprodución dixital de que falamos atrás.

A narración do cura de Esmelle di que Xoán do Pico viña preséntandose na casa reitoral para o xantar do día da festa da parroquia desde había doce anos, e o mesmo número aparece en boca do comisario (*Hay, ó menos, doce anos / ou mais craro, unha docena...*, dise na “Carta”, e no “Pedimento”: *Hay doce años señor... sobre poco mas o menos*). En ambos os casos a afirmación vai matizada por unha locución adverbial que pode suscitar dúbidas sobre a exactitude do número. De ser exacto, como probablemente as visitas anuais do comisario

comezaron o mesmo ano da súa toma de posesión, 1815, iso significa que en 1826 se cumpría o seu duodécimo San Xoán en Esmelle. Deste xeito os feitos narrados polo cura na súa carta corresponderían ao día 24 de xuño de 1826 (ou o mesmo día de 1827 no caso de que a toma de posesión de 1815 se producise despois do día de San Xoán, pormenor que non podemos verificar). A composición da terceira parte, co “Pedimento” e o “Auto”, é sen dúbida posterior ás dúas cartas e podemos data-la en 1827, pois fai referencia a un suceso ocorrido ese ano: a concesión a don Xoán do Pico (Juan del Pico) da posesión como Comisario. De aí que lle atribuíamos ao conxunto a data de 1827, aínda que dous dos seus textos poden ser de 1826.

Outras circunstancias parecen confirmar esta datación. A primeira delas é que coincide co período transitorio en que Xoán do Pico deixa de ocupar o seu cargo, de 1824 a 1826, ademais dalgún tempo de 1827 ata a reincorporación oficial ao posto de comisario. Ignoramos a razón dese período sen *posesión*; a mera cronoloxía pode facernos pensar que quizais Do Pico foi obxecto das depuracións que padeceron no inicio da década ominosa todos cantos amosaran entusiasmos constitucionalistas durante o trienio, pero tamén é posible que só obedeza ao proceso de restructuración da administración militar que comezou a aplicarse naqueles anos.

Resulta rechamante que malia deixar de ser oficialmente comisario, Do Pico continuase presentándose en calidade de tal na parroquia de Esmelle polo día do seu propio santo. O cura de Esmelle e o seu amigo seguramente saben desta impostura, de aí que chamen *petardeiro* ‘estafador, enganador, caloteiro’ ao comisario e digan que os lacaios que leva son *imaxinarios*. En calquera caso, probablemente importaba pouco que Do Pico tivese ou non dereito a ser convidado ou a levar uniforme de comisario, porque as sucesivas visitas anuais eran, segundo dan a entender os textos, auténticos actos de forza, onde o cura, *llorando ó reyendo*, se vía obrigado a ofrecerlle hospitalidade ao comisario e á súa comitiva.

Os comisarios de guerra constituían un corpo de administradores militares implantado en España á chegada dos Borbóns (Ordenanzas de 18-12-1701 e de 4-07-1718), seguindo modelos orixinarios da administración do exército prusiano, para ocuparse de diversas funcións de intendencia e intervención, equipamentos, forraxe, transportes, aloxamentos, mantenza e provisións das tropas (Blanco Valdés 1988: 22). Coma outros cargos semellantes do *ramo de Cuenta*

y *Razón del Ejército*, o de comisario de guerra era un posto realmente lucrativo, que en determinadas épocas e circunstancias podía permitirle a quen o detentaba participar en importantes transaccións e chegar a amasar unha fortuna. Na segunda década do XIX formaban parte deste corpo tanto individuos militares coma civís, pero a partir de 1823 comezou a restrinxirse para facelo exclusivo dos militares de carreira. Desde 1828, coas reformas administrativas derivadas do establecemento do sistema orzamentario, as comisarías de guerra e outras instancias semellantes quedaron integradas no Corpo Administrativo do Exército, cun regulamento que fixaba de maneira estrita as súas funcións e atribucións (Morazzani 1966: 219-255).

Antes desas reformas, na terceira década do XIX a figura do comisario de guerra gozaba de poucas simpatías entre a poboación civil. Na guerra contra os franceses, moitos individuos sen cualificación específica exerceran funcións de intendencia e intervención, en calidade de comisarios, contadores ou ordenadores, ás veces mediante nomeamentos máis ou menos informais, que nalgúns casos só tiveron confirmación oficial logo dun longo proceso reclamando o cargo como pagamento de servizos bélicos prestados. Restablecido o absolutismo en 1814, algúns comisarios deberon de seguir durante anos beneficiándose de certas prerrogativas reservadas a circunstancias de guerra, a xulgar polas disposicións oficiais para coutar os excesos. Debeu agravarse a situación no trienio liberal (1820-1823), cando as accións contra as partidas realistas levaron a membros da Milicia Nacional a facer uso das atribucións (e do uniforme) de comisario de guerra, con frecuencia co consentimento dos gobernadores políticos pero sen o correspondente nomeamento ou despacho real. Na década ominosa reeditáronse as disposicións tendentes a regular as funcións dos comisarios de guerra, de xeito que a moitos dos que viñan exercendo ata 1823, como lle aconteceu a don Xoán do Pico, non lles foi renovada a súa condición nin se lles concedeu licenza para usaren o vistoso uniforme de comisario, que era *como el de los Intendentes del Ejército, con el bordado en oro*, co seu sombreiro apuntado de tres picos (EME 1826: 160, 39)⁷. Pola narración do cura de Es-

⁷ Velaquí a descrición: «casaca azul turquí, vuelta y cuello morado, forro encarnado y un bordado de oro en el cuello, vuelta y delantero de la casaca, con chupa y calzón blanco ó anteadado» (EME 1826: 160, 39). Consérvase un uniforme de comisario de guerra da época en perfecto estado, malia os 200 anos de antigüidade, no Museo Sierra-Pambley de León.

melle entendemos de que maneira podían tirar proveito particular do uniforme de comisario os que o vestían. O feito de que algúns o vestisen fraudulentamente explica a opinión que a poboación civil tiña de comisarios, contadores e ordenadores da intendencia militar. Lese nunha Real Orde de decembro de 1823, que reitera outra de 1817:

«...la multitud de recursos que diariamente llegan a manos del Consejo Supremo en solicitud de **honores de Comisario de Guerra y Ordenadores** ha llamado la atención de S.A. para cortarlos. Y á este efecto ha resuelto por punto general que no se dé curso la Secretaria a ninguna de estas instancias, y que los Intendentes no remitan con su apoyo semejantes pretensiones, a no ser de sugetos beneméritos del ramo de Hacienda y Guerra, que así en las circunstancias presentes ó anteriormente se hubiesen hecho dignos de aquella distinción, reservada justamente á los que se emplearen en las oficinas del ejército, y la **que se ha vilipendiado por la demasiada facilidad con que se han dispensado...** » (Balmaseda 1824: 249)

«...hagan presentar en el término de ocho días á todos los que en sus provincias **usaren uniformes** de Intendentes, Contadores, Tesoreros, Comisarios y Oficinas de Cuenta y Razón de Ejército los despachos Reales en cuya virtud lo hicieren, apercibiendo á los que no los tuvieren **para que no los usen**, procediendo contra ellos en caso de infracción y remitiendo a esta Superioridad relación circunstanciada de todos» (Balmaseda 1824: 250 [Real Orden de 20-12-1823]).

Polo mesmo tempo abundan as normas encamiñadas a evitar as extralimitacións dos Comisarios de Guerra no exercicio do seu cargo, como resposta ás tamén frecuentes denuncias por abusos sobre a poboación civil en poxas de equipamentos e provisións, polo uso gratuíto de servizos e propiedades de particulares, etc. (Nieva 1833: 39, 41, 218).

O cura de Esmelle non parece alegrarse co nomeamento oficial de Do Pico en 1827, pois aínda que reconece a posesión no “Auto”, supeditaa a un “Pedimento” ridículo onde o comisario, en primeira persoa, se mostra aínda doído pola burla de que fora obxecto *en San Juan de Esmelle, donde l me llenaba como un cerdo*. A autoridade que emite o auto é o alcalde maior, e nel dispón que sexa o escribán Juan Cardemil quen lle conceda a posesión a Do Pico. Quizais ten algunha intención satírica contra os liberais a mención expresa deste escribán obdedecendo

as ordes do alcalde maior, pois Xoán Antonio Cardemil fora alcalde constitucional de Ferrol en 1823⁸.

Don Xosé María Fonte Montenegro e o seu amigo da Malata

En 1826 e 1827 o reitor de San Xoán de Esmelle asina como don Jose María Fuente Montenegro. Vén asinando os libros parroquiais desa freguesía desde hai polo menos vinte anos (o máis antigo en 1807, non se conservan os anteriores) e seguirá exercendo nela tres lustros máis despois da data de composición da súa carta en verso galego. Don Xosé María usa co seu nome os dous apelidos paternos. O primeiro é castelanización de *Fonte* ou *Fonte do Lobo*, apelido toponímico orixinario dunha aldea así chamada na freguesía de Guillén, daquela pertencente á xurisdición de Torés, hoxe no concello de Becerreá, onde nacera o propio don Xosé María en 1764 ou 1765, xa que contaba 77 anos cando morreu, o 9 de maio de 1842. Transcribimos do *Libro de defuntos* de Esmelle deste ano (f. 16) o rexistro do seu enterramento, de man do veciño párroco de Covas, encargado de Esmelle e de San Xurxo da Mariña “por óbice de su propio párroco”:

En la Parroquia de San Juan de Esmelle, Provincia de la Coruña y Obispado de Mondoñedo, a tres de Junio, yo Don Fernando Pérez Delicado, Cura Párroco de San Martín de Cobas y encargado de las de San Juan de Esmelle y su unida San Jorge de la Mariña mandé dar Sepultura Eclesiástica en el Cementerio de la primera al cadáver del Presbítero Don José María Fuente y Montenegro, Rector y Cura Párroco de esta Parroquia de San Juan de Esmelle y su Unida San Jorge de la Mariña, hijo legítimo de Don José Fuente y Montenegro y Doña María Villar, becinos que fueron y aquel natural de la parroquia de San Pedro de Guillen y lugar de Fuente do Lobo, en el Obispado y Provincia de Lugo. Murió a cosa de las siete de la mañana del día nueve de Mayo, administrado de todos los Santos Sacramentos; de edad de setenta y siete años y enfermedad crónica. Hizo testamento publico por ante el E[scriba]no. de número del Partido del Ferrol Don Fermín

⁸ Xoán Antonio Cardemil ademais de escribán era empresario e propietario do arsenal da Cabana. Foi alcalde constitucional en 1823 ata que debeu entregar o mando ao brigadier Juan Ángel de Michelena Moreno ata o nomeamento do novo alcalde maior, o avogado Ramón María Araújo y Villarino (Montero Aróstegui 1859: 658-659). Cardemil debeu de morrer en 1836, pois nese ano deixa de exercer como escribán e un novo propietario adquire o estaleiro da Cabana.

Formoso, siendo testigos Juan de Santiago, Francisco Pérez y José Pérez, labradores naturales de esta parroquia y la fecha de su otorgamiento a beinte y seis de Abril del año de Mil ochocientos y Cuarenta y dos; en el dispuso en cuanto a lo pío: misa de ánimas, se le hiciesen las funciones de entierro, honras y cabo de año con ocho Señores Sacerdotes y se le dijese en el término de tres meses trecentas y tres misas; limosna, cuatro reales; lo demás en el dispuesto consta del dicho testamento; y para que conste como Cura Parroco de San Martin de Cobas a quien compete dar Sepultura al de San Juan de Esmelle, lo firmo en esta Parroquia a once dias del mes de Mallo año de mil ochocientos y cuarenta y dos. Fernando Pérez Delicado.

De momento non posuímos máis información acerca da vida de don Xosé María, fóra da súa condición de vítima, xa septuaxenario, dun roubo na igrexa parroquial en 1835, que tivo eco na prensa de Madrid.

Para a identidade do seu amigo e correspondente epistolar non dispoñemos polo de agora de información suficiente. Parece fóra de dúbida a súa condición de cura, como el mesmo afirma e como parece corroborar o feito de que el e o de Esmelle teñan como amigo ou coñecido común a un terceiro sacerdote (don Pastor Rico), ademais do emprego de expresións ou xogos de palabras propios de alguén familiarizado co ámbito eclesiástico (b53-54: *que sin ser donado iba / á questa para ser lego...*). Que se despida na “Contestación” dicindo *que se firma por ahora / cura rector de Malata* non achega a solución da súa identidade, pois oficialmente non existía tal reitoría. O *por ahora* permítenos supoñer unha situación de provisionalidade. Sería acaso un eclesiástico á espera dun destino, que residía momentaneamente na Malata? A Malata era daquela unha aldea pertencente á parroquia de Serantes. Debemos aceptar como moi verosímil que o autor das décimas fose o párroco de Serantes, que por algunha razón vivía provisionalmente na Malata. Sabemos que unhas décadas máis tarde a igrexa de San Salvador de Serantes non se usaba, pois levaba tempo derruída, e o párroco oficiaba no santuario de Nosa Señora do Chamorro, situado na mesma parroquia:

«esta ermita hace años que está sirviendo de parroquia provisional a la feligresía de Serantes, desde que se destruyó el antiguo templo que existía en aquel delicioso valle y que está destinado á cementerio» (Montero Aróstegui 1859: 645-646)

É posible que o estado de provisionalidade suxerido polo *reitor da Malata* teña que ver con esa situación, mais non sabemos exactamente cando deixou de usarse a igrexa antiga, nin tampouco sabemos se o desprazamento do templo puido afectar á residencia do cura. Non favorece as pescudas a perda do arquivo parroquial de Serantes, saqueado e incendiado, xunto coa igrexa nova, nun coñecido episodio do ano 1936.

ESTRUTURAS COMPOSITIVAS

A “Carta do cura de Esmelle” ou carta inicial ten 156 versos de romance, con rima asoante nos pares, polo regular formando unidades de catro versos. Consta das seguintes partes: un exordio (1-29), a narración propiamente dita (30-145), un epílogo (145-148) e unha despedida (149-156).

No exordio, o sedicente cura de Esmelle diríxese ao destinatario da carta (*meu amigo* 1, *meu fillo* 12, etc. e ao longo do texto co dativo de solidariedade *che*) con fórmulas de captación da súa benevolencia (*non sei como contarche* 5; *a miña lingua... quédache seca...* 6-9) e da súa atención (*atende...* 13, *verás que graciosa escena* 14) para concluír que é *cousa de comedia* (16). Declárase que o obxecto da sátira (17-24) é un personaxe caracterizado como lobo con pel de ovella, pero tan coitado que non dá conseguido alimento. Non se nos di expresamente o seu nome, senón que este vai oculto nos substantivos das unidades fraseolóxicas *ser un xan* (‘un pusilánime’) e *facer o pico* (‘procurar mantenza, comer’). Para que o xogo non pase inadvertido, no manuscrito aparecen en maiúscula *Xsan* e *Pico*, e este último tamén vai subliñado. Na poesía satírica de Fruíme, de Cornide ou de Fandiño son comúns os xogos de palabras co nome do personaxe obxecto da sátira, e a ocultación/desvelamento dun nome propio mediante o anagrama, o acróstico, o calambur e recursos semellantes ten longa tradición desde o *trobar clus* medieval e a poesía manierista e barroca. Declarado o obxecto da sátira, remata o exordio: *Amigo, bamos áo conto* (25), *pero en fin, bamos aló* (29), con nova insistencia na *captatio benevolentiae* do amigo: *teño medo de enfadarte / e qrebantarche a cabeza* (27-28).

A narración propiamente dita podemos dividila en tres partes 1. Presentación do escenario, coa chegada e a identificación dos visitantes (30-68); 2. Fuxida do cura á igrexa e escena da visita na sala coa criada (81-116); 3. Os visitantes no

adro, nova fuxida do cura e partida dos visitantes para a taberna (117-144), onde fan o gasto que da pé ao remate epifonemático (*correu a moeda*, 144).

No epílogo (145-148) o cura advirte ao seu amigo contra os *petardistas*, que son abundantes en Ferrol, e na despedida (149-156) faille a encomenda de que lles fale do asunto a outros.

Na primeira parte da narración o espazo é o exterior da aldea no día da festa, visto desde a ventá da casa reitoral, no momento en que chegan os visitantes. O retrato dos *paysanos* descubríndose submisos perante a autoridade uniformada suscitará na carta de resposta referencias a supersticións populares e prácticas máxicas relacionadas coa noite de San Xoán.

Tras advertir á criada, o cura foxe (69-80). Os versos 81-116, que comezan cando os visitantes *entran por fin nesta casa* e rematan cando saen *co seu rabo entre las pernas*, conteñen a escena da sala, cos diálogos da comisaria e dos mozos en castelán e a criada en castrapo. O demostrativo de *nesta casa* (81) do verso inicial posiblemente nos revela o lugar onde o cura de Esmelle compuxo o seu romance, ao tempo que provoca un curioso conflito entre o espazo-tempo do discurso e o espazo-tempo da historia, por un desdoubramento do eu narrador: mentres o narrador-personaxe acaba de ausentarse da casa (*fluxo da casa... fun tomar igrexa*), o narrador-autorial continúa nela e refírenos a escena da sala, que na realidade só puido coñecer indirectamente a través do que lle contou a criada; mais adiante recupera a perspectiva do eu-personaxe botando man novamente do demostrativo (*neste atrio se presentan*, 120), para volver cambiar cando se afasta da igrexa e remata a escena (*déixooos quedar naquel atrio...*).

A “Contestación” do amigo está composta por once décimas, isto é, 110 versos, dirixidos ao cura de Esmelle, reiteradamente presente en vocativos ou no dativo de solidariedade. Na primeira décima acusa a recepción da carta do de Esmelle; na penúltima acepta a encomenda de falarlles do asunto a outros; na última despídese. As demais parafrasean ou apostilan os contidos da carta que recibiu: a referencia velada ao nome do comisario (2^a), os uniformes e libreas (4^a), os saúdos dos fregueses (5^a), a fuxida da igrexa (8^a), a escena da sala coa criada falando castrapo (9^a), etc., e polo regular artículanse arredor de antíteses que opoñen o polo positivo do cura de Esmelle, que soubo *regañar o dente* ou *meter as cabras* cando foi preciso, ao negativo representado polo comisario, que fracasa como *petardista* ou *chupón* no seu propósito de *meter o pico* ou *meter un pegote* e recibe un *chasco* ou unha *lavativa*, e marcha *amolado* da casa do cura, *co seu rabo entre las pernas*.

O Pedimento e o Auto en castelán parodian a linguaxe desas fórmulas textuais administrativas, incluíndo frases literais que podemos atopar nos formularios notariais da época: “Don Fulano ante V.S.”, “en la forma que mejor lugar haya en derecho”, “con el debido respeto”, “es justicia que pido”, “Visto el pedimento que...” (Febrero 1789: 421, 424). No “Pedimento”, a fórmula textual é simplemente o marco, pois o núcleo do texto constitúeo novamente a narración da frustrada visita a Esmelle, agora referida por un terceiro narrador: o propio comisario, que continúa amolado pola burla de que foi obxecto e polos cartos que tivo que gastar. No Auto confírmase que Do Pico é acreedor do dereito de tomar posesión do cargo de comisario.

Edición do texto

[1r] Carta do cura de Sn Xsúan de Esmelle na que lle dice á un seu amigo como fuxéoo dun tal Pico que lle quería pegar un bon petardo ó día dó Patrono da sua Parroquia; pero ó petardeyro saleo ben e compretamente amolado.

[2r] Meu amigo, xsa que tés
unha pouca de pacencia
vou á contarche unha cousa
q^e parece unha traxsédia.

Eu non sei como contarche 5
como foi; a miña lingua
quedache asada de todo
é seca como unha estela.

Eu cada vez que me acordo
¡Dios che me dea pacencia! 10
eu cada ves que me acordo
do conto, doyme á cabeza.

Verás, atende, meu fillo,
verás que graciosa escena
¡Ave Maria de Gracia! 15
eche cousa de comedia.

Hay, ó menos, doce anos
ou mais craro, unha docena,
que me asalta un certo lobo
que trai pellico do obella. 20

[2v] Eche un Xsán pero tan Xsán
que si mellor ó fixséra
podía facer ó Pico
e reirse ben de calquera.

Amigo, bamos áo conto, 25
nunca jamais Dios me dera
teño medo de enfadarte
é qrebantarche á cabeza.

Pero en fin, bamos aló:
xsa sabes que en esta aldea 30
ó dia de San Xsuan
hay unha tumbada festa,
hay gaita, fogos é todo
é hay golpe de escopeta
pero ó mellor de todo esto 35
eche ó golpe de comedia.

Eu estaba na ventana
porque esto me recrea
é vinche vir á cabalo
ó do pellico do obella. 40

Vincho vir, é si non fora
[3r] un demo de unha librea
que traia ó condanado
ó demo que ó conocera,

Co sombreiro dos tres Picos 45
asombraba toda á aldea
é decian-lle-os paysanos
baya uste en hora buena.

Como vin tanto sacar
de gorra ¡ay! Santa Tecla! 50

Dixen é-ó mesmo, sin duda
ó comisario de Guerra.

Trahia á sua muller
¡baya, é cousa que me aterra!
outros do[u]s que non conozo 55
nin sey de que casta eran.

Viñan catro alquiladores
cunha marcha muy lixseyra,
boto á conta que son oito
é doce coas catro Bestas. 60

Trahian bos aparellos
pero as alforjas baleyras,
si noos vexsó vir de lonxése
[3v] á bolverse irian cheas.

O señor do apuntado 65
todo é mirar si fomea
porque xsa viña mirando
desde lonxése á chimenea.

Chamo á criada correndo,
ven á probe con gran presa 70
é dime ¿que ten meu amo?
¿que ei de ter?, dixénlle, alerta.

Fuxsó da casa ó momento
e funme á tomar Igresia,
que si non é de refugio 75
boaba á miña cabeza.

Metime na sachristia
¡mala polvora chos erga!
alí recey os maytines,
nona, horas, e compretas. 80

Entran por fin nesta casa
é desarrean as bestas,
subense todos á sala
é de visita se sentan.

Chaman á miña criada	85
¡Dios che lle dea pacencia!	
[4r] preguntaronlle por min	
é dixso que hiba na Igresia.	
A señora áos catro mozos	
dixsolles: lo q ^e ustedes quieran	90
pidan, q ^e no faltará	
vino bueno de Valderas.	
Si les gusta el agua-ardiente	
ó una poca de manteca	
hablen sin ningun recelo	95
y escojan como en peras.	
Os boós dos alquiladores	
dixseron: señora benga	
vino que aquí sera bueno,	
que será de valde-peñas.	100
Manda subir á criada	
por principio unha fanega	
que beñen ser catro netos	
po-lo uso de-esta terra.	
Saleu á miña criada	105
mi amo ba en la Igresia	
y á mi no me deixsou	
la chave de la bodega.	
Dixsolle logo á señora	
[4v] ¿está lejos la taberna?	110
E respondelle á criada,	
la tabierna esta muy cerca.	
Como eles conoceron	
que non havia <u>comedia</u>	
foxsén é banse da casa	115
co-seu rabo entre las pernas.	
Deron de almorzar a os mozos	
é acomoda[ro]n as bestas	

con moita cara labada
neste atrio se presentan. 120

Eu jarre demo! metido
donde botara as compretas
que non pensei de salir
con color da miña escena.

Desde que xsa me enfadaba 125
de estar reza que te reza
determinei de salir
é salir coa miña empresa.

Un tal s^{or} Pastor Rico
crego de moita destreza 130
fíxome capa é salin
[5r] fuxsindo con moita presa.

Deixsoos quedar naquel atrio
todos co á boca aberta,
este foi ó modo como 135
amolei á ó da librea.

Desengañaronse, en fin,
que todo ó conto eu soupera
é así deixáronme libre
é foron para á taberna. 140

Nesta fonda de Meixído
comeron có-á bolsa aberta
e si pagaron os cartos
tamén correo a moneda.

Deste[s] petardistas hay 145
tantos ahi como areas
é para que os conozas
algunhas noticias lebas.

Zurramos por Dios amigo
porque sei que eres poeta 150
botalles algo de Esmelle
e falalles desta festa.

Adios, dispon é manda
 dispon de min con franqueza
 [5v] que son ó cura de Esmelle 155
 ó que as tuas maus che beyxá.

Contestación

[I]
 Cando recivin meu cura
 á tua carta, pensaba
 que á cabeza me boaba
 co-á grande calentura,
 pensey que daba en loucura b5
 cando empezey á leer,
 pero en fin, Dios quixó ter
 misericordia de min,
 pois si non quedaba sin
 unha gana de comer. b10

[II]
 Segun m'informas, un lobo
 con pelexó de cordeyro
 hay tempo có bellaqueyro
 bayte asaltar dese modo,
 meu cura, decir non podo b15
 á alegría que ó presente
 teño, por que esa xsente
 (eu non sei si ben me esprico)
 quixóche meter ó Pico
 é regañáchello ó dente. b20

[III]
 Tanto che me folgo, baya!
 que llo oubeses regañado!

collíate descuidado
si non estás na atalaya,
si non alerta é desmaya b25
ó meu cura cóa sua vista
e si non á ten ben lista
mirando sempre é de cote,
pegaballe un bó pegote
ó mais grande petardista!! b30

[IV]

Bó foi ó conocimiento
para estares nesa aldea
saber cá aquela librea
viña do Departamento
ten por feliz ó momento b35
que conociche os lacarios
que anque son imaxsínarios
antes, para ó meu pensar,
tal nome se debe dar
á todos os comisarios. b40

[V]

Causouche moyta estrañeza
[5v] en ber cos teus feligreses
á sua gorra cortes[es]
sacaban á aquela peza:
si che falo con franqueza b45
deberás de conocer
que era eso menester
por causa de que unha meyga
non bordase na manteiga
ca inda estaba por facer. b50

[6]

Canto me alegre meu crego
 que lebase á labatiba
 que sin ser donado iba
 á questa para ser lego:
 teñoche un amor muy cego b55
 é unha grande afición
 ver que pegache á un chupon
 un chasco tan ben salado,
 tereyte sempre grabado
 meu cura no corazon. b60

[7]

Estubo crego, ben feyto
 meterlle as cabras na corte,
 pois á lobos desa sorte
 [6r] deselles sempre ó dereyto
 baya que foi á bon xseyto b65
 ó tal D Xsan amolado
 mays balera que cagado
 por toda á Aldea pasase
 que un cura ó amolase
 sendo el un Pico aguzado. b70

[8]

Dicesme que don Pastor
 que che sirveu de alcaguete,
 ese para ó meu saynete
 tamén foi amolador,
 Ti estubeche ¡meu amor! b75
 na Igresia desconxurando
 ó trono que amenazando
 á tua Bodega estaba.

Si non hay capa lograba
derrotarte ¡San Fernando! b80

[9]
Dime tamén cá muller
na tua casa cortaba
por largo, pero á criada
tamen soupo responder
[6v] Si non trata de poñer b85
medo có-seu castillano
fuxías, meu crego, en bano
para á Igresia arrefugiarte
pois co-seu Pico á picarte
bolvería ó outro ano. b90

[10]
Quedo amiguiño encargado
de decirlles algo deso
porque anque me des un peso
dou ó demo estou calado;
escribirey do fregado b95
ou máis ben de estes gaspachos
un libriño bó-, á cachos,
que ha de facer berter babas,
e si lles metiche as cabras
eylles de botar os machos. b100

[11]
Manda, dispon por acó
en cousa que che se ofrezca,
manda crego con franqueza
q'eu mandarei por aló:
Deseo que esteas bó b105
[7r] é que estires ben á pata

Manda reales de prata
 á quen te estima é t'adora
 que se firma por agora
 cura Rector de Malata. b110

Pedimento

Don Juan del Pico ante V.S.
 como mejor en derecho
 lugar haya, se presenta
 con el debido respeto.
 A nada mas se dirige c5
 el presente pedimento
 que á pedir lo de justicia
 y que lo hareis yó lo espero.
 Hay doce años señor
 sobre poco mas ó menos c10
 que en el dia de mi santo
 dejaba el pabellon regio.
 El dejar mi abitacion
 era señor con obgeto
 [7v] de no dar las diez ú once c15
 al Marino Ministerio
 me soplabá de corripias
 al uso de petardero
 en San Juan de Esmelle, donde
 me llenaba como un cerdo. c20
 Ibame á casa del cura
 el que llorando ó reyendo
 en llegando el comisario
comedia sin mas remedio.
 Fui este año tambien c25
 y cada vez que me acuerdo
 ¡baya! (me consumo todo)

desatino y pierdo el seso.
Fui, señor, mas me baliera
combidar á todo Esteyro c30
que llebar la labatiba
sin que fuese en el trasero.

Fui, señor, pero á que fui?
(al pensarlo desespero)
fui para ser murmurado c35
[8r] y á gastar mi dinero.
El cura se niega en casa
esto, señor, es un hecho
y en casa, ó en la Iglesia
sabia estaba de cierto. c40

Por ser dia de mi santo
si el bolsillo no ba abierto
con pocos maravedis
ayunaba, sin remedio.
En una mala taberna c45
en aquel fiero desierto
pasé mi dia rabiando
desesperado y gimiendo.

Y asi en vista de que
en los libros del derecho c50
la posesion bale mucho,
posesion antigua tengo.

Suplico a V.S. se sirva
mandar, pues, q^e en poco tiempo
me la de un Escribano c55
judicial q^e asi la quiero.

[8v] Pues para el año que biene
ir á Esmelle, señor, quiero
y que quiera que no quiera
el cura, no habra remedio. c60

Por ser todo de justicia
que pido, y tanto deseo
juro lo devido. F[irm]a
Juan del Pico el Petardero.

Auto

Visto el pedimento que
me presenta el petardero
de justicia considero
la posesión se le dé. 65

Pase D. Juan Cardemil
á darle la posesión 70
y llebará á prevención
testigos y un Alguacil.

El suplicante acrehedor
es en dictamen de todos
por las leyes de duobus, 75
Yo, el alcalde mayor.

Notas ao texto

Respectamos a grafía do manuscrito, así como a puntuación e a acentuación, non sendo en contados casos que van comentados nestas notas. Desde o punto de vista grafemático, salienta a representación do fonema prepalatal fricativo xordo do galego co dígrafo *xʹ* (o *s* cun trazo enriba, que ás veces é simplemente unha raia e outras un circunflexo), dun xeito semellante ao empregado noutros textos contemporáneos (cf. nas *Proezas de Galicia*, de 1810: *fixseron*, *xsente*, etc). Úsase tamén co mesmo valor o *j* ou *g*: *jamais* (26), *alforjas* (62), *refugio* (75) *arrefugiarte* (b88), a primeira quizais por erro do copista, que tamén escribía *lijeyra* e corrixiu por riba en *lixseira* (v 58), se ben as outras poderían ser formas en castelán. Para representar o *n* velar emprega a grafía que acabou

facéndose usual, *nh*. Aínda que o manuscrito non usa dos apóstrofos, o texto orixinal probablemente os usaba, a xulgar por algunhas grafías (vid. infra *m'informas, d'ovella...*).

Aparecen subliñadas (no texto impreso aparecerían en itálica ou cursiva) certas palabras anfibolóxicas usadas con dobre intención; era procedemento habitual (vémolos, por exemplo, nos manuscritos do cura de Fruíme e na edición das súas obras completas de 1778) co propósito de que non pasase inadvertido para o lector o equívoco ou o xogo de palabras.

Na numeración dos versos, computamos independentemente cada unha das pezas; os números que levan a letra b refírense a versos da “Contestación”, e os que levan c, á parte final en castelán (“Pedimento” e “Auto”). Os que non levan letra son da “Carta” inicial.

Xa dixemos atrás que o título semella obra do copista, pois a súa lingua non coincide exactamente coa dos textos. No título úsase a forma *dice* do verbo *dicir*, fronte ao *di* ([*ela*] *dime*) da “Carta”; o título usa o adxectivo *bon* mentres nos textos aparece *bo* (non sendo nunha ocasión —*bon xseito*— que non intervéñ na métrica nin na rima, polo que pode ser erro do propio copista); o título escribe con —*o* final os perfectos *fluxéoo* e *saleo*, fronte ás formas en —*eu* dos textos (coa excepción de *correo* por *correu* no verso 144, que seguramente tamén é erro do copista). Por máis que a lingua dos textos tamén presente certa variabilidade (na “Contestación” úsase indistintamente *disme* / *dicesme*, e alternan *lle* / *lles* para o dativo plural), as discordancias que vemos no título son especialmente significativas ao tratarse de apenas tres liñas de texto.

Petardo, pegar un petardo, petardeyro: o uso de *petardo* co significado de ‘estafa’, ‘calote’, *pegar un petardo* ‘estafar’, e *petardeiro* ‘estafador, caloteiro’ debe de estar tomado do castelán. Lemos no DRAE de 1817: «PETARDERO. s.m. Lo mismo que PETARDISTA. PETARDISTA. s.com. El estafador ó que pega petardos. [...] PETARDO. Estafa, enfaño, pedir algo prestado con ánimo de no volverlo. [...] PEGAR UN PETARDO. f. Pedir dinero prestado á alguno y no volverlo, ó ejecutar alguna otra estafa o engaño semejante.» *Petardeiro* (*petardeyro*) é acomodación ao galego do castelán *petardero*. Máis adiante úsase *petardista* (145, b30). A grafía *y* no segundo elemento de ditongos decrecentes (*petardeyro, doyme, hay, sombreyro, sey, lixseyra*, etc.) era común desde a época medieval.

Compretamente: aquí e no resto do texto adoita representarse como *r* a líquida de *craro* (18), *compretas* (80), *esprico* (b18), etc.

“Carta”

Verso 2: *Pacencia* é forma popular de *paciencia*; é a que recollen habitualmente os dicionarios galegos do século XIX.

6-8: Corriximos en *a miña* o *amina* do orixinal. Deben entenderse estes versos co sentido de ‘fáltanme as palabras’. O adxectivo ou participio *asada* aplicado á lingua, tamén comparada cunha *estela* (de leña seca) quizais conteña un xogo de palabras de connotacións culinarias.

9 e 11: (*Eu cada vez [ves] que me acordo*) repítense case idénticos en castelán no “Pedimento” (*Yo cada vez que me acuerdo*, c26). No manuscrito, no verso 9 vese unha corrección da última letra do substantivo (dicía *ves* e foi modificado, coa mesma letra e tinta, en *vez*). No verso 11, que é idéntico, non se fixo esa corrección. De aquí infírese que o galego do copista quizais tiña seseo implosivo.

10: No romance úsanse ás veces as exclamacións como rípios para completar un verso ou unha rima. As máis delas son relixiosas: *¡Dios che me dea pacencia!* (10), *¡Ave María de Gracia!* (15) *¡Nunca jamás Dios me dera!* (26), *¡Ay Santa Tecla!* (50), etc. O verso 10 repítese case idéntico só cun cambio no pronome (*¡Dios che lle dea pacencia!*) no verso 86. Advírtase como estas exclamacións, relativas ao *eu* e á criada, teñen a súa antítese nas que se aplican ao comisario e a súa comitiva (*¡mala pólvora chos erga!*, v. 78).

16: *cousa de comedia*: o texto subliña este último substantivo, como noutros casos, para marcar a anfiboloxía: ademais do significado recto ten tamén o forzado de ‘comida’.

20: *pellico* é forma castelá; nos dicionarios galegos figura *pelico* desde Filgueira et al. (1926; Santamarina 2003: s.v.). Non corriximos a preposición no *pellico do obella* que aparece no manuscrito, condicionado pola pronuncia, que quizais é copia dun “dobella” ou “d’obella” do orixinal.

21: O uso de *un xan* co significado de ‘un coitado’, ‘un pusilánime’ é común na nosa lingua e está ben atestado na literatura do XIX. Nótese que o cura de Esmelle non emprega a mesma forma para o haxiónimo (*San Xsuan* v. 31).

23: *Facer o pico*. Interpretámolo co significado de ‘conseguir mantenza’. É o castelán *hacer el pico*; nos dicionarios da R.A.E. de 1817 e 1822 lese (s.v. *pico*): «ESE TE HIZO RICO QUE TE HIZO EL PICO. ref. con que se da á entender la utilidad que se sigue al que se le costea su manutención. HACER EL PICO. f. Mantener á alguno de comida, como lo prueba el ref. anterior.»

24: Aínda que escrito “reirse”, o infinitivo deste verso ha de lerse bisilábico (*rirse*).

26: *Jamais*. Neste caso e mais en *alforjas* (62) e *refugio* (75), *arrefugiarte* (b88), o manuscrito presenta excepcionalmente *j* ou *g* no canto do *x* habitual (*xáa*, *Xsuan*, *lonxése...*). Nalgún caso pode ser erro do copista; noutros quizais a palabra está en castelán.

28: *Qrebantarche*. O copista reproduce a metátese de *r*, talvez polo insólito da secuencia *qr*; tamén o fai máis adiante en *probe* (v. 70). Fóra destes casos, corrixe a metátese, mesmo nun *crabas* que mantiña rima consoante con *babas* (v. 99).

30: *que en esta*: interpretamos que se debe ler *que nesta* (o *n* alveolar, non velar).

32: *tumbada festa*. O adxectivo *tumbada* significa ‘animada, ruidosa’; relacionado coa acepción de *tumbar* como ‘traquear, patullar’ (Leiras Pulpeiro, 1906) ‘barallar, facer ruído’ (Filgueira et al. 1926), etc. (Santamarina 2003: s.v. *tumbar*).

34, 36: *Golpe* está aquí coa acepción en que significa ‘abundancia’, ‘multitud, afluencia ou abundancia dunha cousa’, atestada en Eladio Rodríguez (Santamarina 2003: s.v.).

40: Coma no verso 20, aparece *do obella* en lugar de *de obella*.

42: *librea* era o ‘uniforme de criado ou lacao’, pero tamén o ‘vestido uniforme que sacan las cuadrillas de caballeros en los festejos públicos’ (DRAE 1822: s.v.).

43: *que traia*: Noutros casos escribe un *h* para marcar o hiato (*trahia* v. 53; *trahian* v. 61) segundo unha práctica tradicional; topónimos como *Naraío* ou *A Maía* adoitaban escribirse con ese *h* para marcar o hiato (hoxe indícase co acento sobre o *i*).

44: *o demo que o conocera*: ninguén o coñecería.

45: *Picos* volve aparecer subliñado, pois coincide coa forma de plural do apelido do comisario. O sombreiro de tres picos é un tipo de sombreiro *apuntado*, isto é, que leva a aba pregada cara arriba, contra a copa (neste caso con tres dobras, polo que a aba adquire forma triangular, cun vértice na parte frontal e os outros dous nas laterais).

55: Por erro do copista, o manuscrito rexistra *outros dos* en vez de *outros dous*.

57: *alquilador* figura nos dicionarios galegos como denominación de quen ten por oficio arrendar carruaxes ou cabalerías (Santamarina 2003: s.v.); é palabra de orixe castelá.

58: *lixseyra*: o dígrafo *xś* aparece, coa mesma tinta e caligrafía, sobre un *j* previo. O copista ía escribir *lijeyra* e corrixiu sobre a marcha.

62: *alforjas*. Así no manuscrito (v. nota ao verso 26).

65: *apuntado*: certa clase de sombreiros, coma o de tres picos (v. nota ao verso 45).

66: *si fomea*: se fumea ou bota fume (a cheminea).

74-75: igrexas de refuxio ou de dereito de asilo eran as que permitían acollerse (*tomar igrexa*) a quen estaba perseguido pola xustiza, porque esta non tiña nelas xurisdición. No texto, *refugio* (v. nota ao verso 26).

77: *sachristia*. Nalgúns termos de orixe grega adoitaba escribirse *ch* co valor de *c* (*párrocho*, *párocho* por *párroco* ou *pároco*, *Christo*, *christianismo*, *Christina*, *Christovo*...). *Sacristía*, non obstante, non debería levalo, pois non ten relación con CHRISTUS, senón con SACER.

78: *Mala pólvora*... v. nota ao verso 10.

79-80: *maitíns*, *nona*, etc. son as horas canónicas dos rezos. O cura úsaas figuradamente, para dar a entender que botou moito tempo encerrado na sacristía.

86: véxase a nota ao v. 10.

90: O verso presenta unha sílaba de máis. Quizais o copista desenvolveu en *ustedes* unha abreviatura *vs* como a que figura no “Pedimento”, cando aquí posiblemente habería que ler “ustés”.

90-100: Primeiro diálogo en castelán: comisaria e alquiladores.

92: *Valderas* é unha localidade leonesa; o topónimo está ao servizo do xogo de palabras *de balde* / *de valderas*.

96: *Escoger como en peras*: locución verbal en castelán: «Elegir cuidadosamente para sí lo mejor» (DRAE).

100: *Valdepeñas*. Coñecida localidade e rexión vitícola da Mancha. Os alquiladores responden ao xogo de palabras da muller do comisario con outro paralelo (*de balde* / *-peñas*).

102: A *fanega* era unha medida de capacidade equivalente a 50-70 litros, variable segundo as zonas. A medida do *neto* usábase case exclusivamente para o viño; equivalía ao *cuartillo* castellano, isto é, aproximadamente medio litro (Sarmiento: «A la medida de vino que el castellano llama *cuartillo* llama el gallego *neto*», en Santamarina 2003, s.v.). No texto, *fanega* úsase co sentido figurado de ‘gran cantidade’ que recolle Rivas Quintas (Santamarina 2003: s.v.), pero apro-

véitase o termo para facer nos versos 103-104 unha referencia cómica á variabilidade das medidas segundo os *usos da terra* (pois unha fanega de viño era moito máis ca catro netos).

105: Con este versos dáse inicio ao segundo diálogo (106-112), en castrapo a criada, en castellano a comisaria.

116: *entre las pernas*: aínda que poida parecer un trazo cómico polo cal o narrador simula contaxiarse das fala da criada, supoñemos que en realidade o autor usa aquí, en vez de *entre as*, a variante popular *éntrelas* (< INTER ILLAS), paralela da que se dá en *sóbolas* (< SUPER ILLAS) e outras concorrencias de preposición rematada en —r co artigo; esta forma ten presenza na toponimia en nomes como *Entrelorriós* (aldea de Castromaior, concello de Abadín).

117: *almorzar*: A narración non dá nesta parte referencias temporais precisas, pero Xoán do Pico di no “Pedimento” que saía de Ferrol para Esmelle sen esperar que desen as dez ou once, polo que supomos que aquí *almorzar* non fai referencia, coma no galego común, á primeira comida do día, senón que se refire á comida do mediodía ou xantar, como sucede en castelán. C. García recolle este significado para *almorzar* en área relativamente próxima a Ferrol, en Cedeira (Santamarina 2003: s.v. *almorzar*).

118: *acomodan*: para a métrica do verso, esa forma verbal obriga a computar como sílaba independente a conxunción inicial. Podería ser erro de copista por *acomodaron*, en concordancia co tempo do verso precedente (*deron*), aínda que en toda a narración se usa indistintamente o perfecto e o presente (nesta secuencia, desde o verso 98: *dixeron, manda, saleu, díxolle, respóndelle, conoceron, foxen e vanse...*).

119: *cara lavada*: figura nos dicionarios galegos do século xx (Leiras Pulpeiro 1906: *caralavada* ‘carirraído’; Eladio Rodríguez 1958 e Franco Grande 1972: *caralavada* ‘carirraído, persona descarada y cínica’). Non aparece recollida esta expresión nos dicionarios casteláns, o que nos leva a supoñela creación galega, por máis que as formas do substantivo e o participio sexan comúns a ambas as linguas. Debía de ser habitual na fala da Galicia de comezos do XIX, pois tamén se atesta na “Carta Recomendada” asinada por R. Rodríguez Senra na *Gazeta Marcial y Política* de Santiago (ano 1812): *eses caras lavadas dos magnates de Galicia*.

120: *atrio*: talvez por ser sacerdote usa o autor o cultismo, coincidente coa forma castelá, en lugar das forma popular galega con sonorización *adroladrio*.

122: *compretas*: as *completas* das horas canónicas. Véxase a nota aos versos 79-80.

123-124: interpretamos a expresión *salir con color* (*dunha situación*) co significado de ‘saír indemne’, ‘saír sen perda ou menoscabo’, ‘superar o obstáculo’. Non puidemos localizar esta expresión en fontes lexicográficas galegas ou castelás. No CORDE só se rexistra un exemplo debido a Emilia Pardo Bazán en *La Tribuna* (“...*empeñarse, si es preciso, hasta los ojos y salir con color y presentar una mesa que no le avergüence...*”). Da mesma autora localizamos outro exemplo en “Cartas sobre la Exposición” (*La España Moderna*, 1889): «*Á la verdad, me alegraría mucho de salir con color del empeño, siquiera fuese solamente por desmentir la mala fama que tenemos las escritoras en materia de elegancia y gusto...*» (p. 119). Quizais sexa unha expresión propia das Mariñas.

131: *facer a capa* ‘encubrir’, *facerlle a capa a alguén*. O mesmo en castelán *hacerle la capa a alguien*. É o uso figurado de *capa* como ‘ocultamento’, ‘disfrace’: Na *Parola de Cacheiras* (1836): “...*como lles sirve de capa pràs suas maldàs...*”

144: *correo* por *correu* ‘circulou’ (a moeda). A grafía *correo* é posiblemente erro do copista e autor do título (cf. no título *fluxéso, saleo*), pois noutros casos aparece sempre o perfecto con —*eu*.

146: O adverbio *aí* (*ahi*) interpretamos que se refire a Ferrol.

149: *Zurramos* no manuscrito. O *por Dios* do mesmo verso leva a interpretar esa forma verbal como un imperativo, paralelo dos *bótalles, fálalles* dos versos seguintes; isto é: *zúrramos* ‘zurra neles’, ‘atácaos’, cun dativo de interese de primeira persoa: ‘zúrrame neles’.

153: Por razóns métricas *adiós* debe lerse como trisílabo.

“Contestación”

b1: *meu cura*: No orixinal, sen comas no vocativo; tamén noutros lugares (b51, b60, b61, etc).

b5: *loucura*. Sobre un *locura* inicial, corrixido coa mesma letra e tinta en *loucura*, cun *u* enriba do espazo entre *o* e *c*.

b9-b10: Probablemente fai referencia á crenza popular de que *rir mata a fame*.

b11: *minformas* no manuscrito (*me informas*). Supómoloo erro do copista a partir dun *m’informas* orixinal (cf. *do ovella* 20, 29, *regañáchell’o dente* b20, etc.).

b12: Nótese que o autor da “Contestación” usa *pelexo* onde o cura de Esmelle dicía *pellico*.

b19-20: *meter o Pico*: ‘comer do alleo’; subliñado o substantivo *pico* (‘boca’), coincidente co apelido do comisario. *Regañar o dente*: ‘amosar sinais de cólera ou ameaza’. *Regañachello ó dente*, talvez erro de copia por *regañáchell’o dente*.

b24-b27 *si non*: no manuscrito, *sinón*.

b29: *pegote*. O mesmo ca *petardo*, mais quizais cun uso máis específico, aplicado á comida, coma no verbo castelán *pegotear*, que o dicionario da RAE de 1822 definía así: “Introducirse alguno en las casas á las horas de comer sin ser convidado”.

b30: *ó mais*: o máis (advírtase que no manuscrito sempre levan acento os artigos *o*, *a*, a preposición *a* e a conxunción *e*).

b36: *lacarios*: lacaios.

b40. No manuscrito, entre *todos os* e *comisarios* aparece escrito e tachado *debe*, un erro do copista, que saltaba ao verso anterior.

b43: No manuscrito lese *cortes*, erro de copia por *cortesés*, a forma esixida pola métrica e pola rima.

b49-b50: *de que unha meyga / non bordase...*: ‘para que unha meiga non envorcase o leite’, ‘non botase o leite a perder’. No dicionario de Eladio Rodríguez lemos unha explicación da crenza tradicional que xustifica esta referencia: «Las gentes sencillas de nuestro país creen que no debe dejarse para el día siguiente la leche ordeñada en la víspera de San Juan, porque vienen de noche las MEIGAS a lavar el trasero en ella, si se dejó alguna ventana o puerta sin ponerle el ramo tradicional de las hierbas olorosas, que tienen la virtud de ahuyentar a las brujas» (Santamarina 2003: s.v. *leite*). Como vemos, é unha tradición específica da noite de San Xoán. As reverencias dos fregueses aos visitantes, vistas polo cura, funcionaron coma as herbas de San Xoán: serviron para protexer dunha meiga a *manteiga por facer*. O autor denomina deste xeito perifrástico o leite, o que quizais encerra un novo xogo de palabras, replicante do do cura de Esmelle e a súa denominación eufemística da comida, aceptando que *manteiga* é a *manter* como *comedia* a *comer*.

b52: *labativa (lavativa)*: en sentido figurado: ‘burla, engano, decepción’.

b53-b54: *donado, lego, queta*. Nas ordes mendicantes existían tres categorías de relixiosos: os sacerdotes, os leigos e os doados (*donados* en castelán, *donatos* en portugués). Os leigos eran profesos sen opción ás sagradas ordes; os doados eran seglares que se retiraban a un convento e, logo dun período de probación de

tres anos, primeiro como hóspedes e logo como novizos, podían emitir os votos. O período de probación dos leigos adoitaba durar un ano, durante o cal debían participar nas cuestacións ou recadacións de esmola. O autor das décimas asocia a visita do comisario de guerra ás cuestacións (*questas, cuestas*) dos que esperan ser admitidos como leigos posiblemente evocando a orixe das cuestacións: a esmola que se pedía no campo no tempo das colleitas. Dise que o personaxe ía á cuestación *sen ser donado* porque Do Pico naquel momento non era oficialmente comisario, pois non lle fora concedida a posesión. Non desbotamos a posibilidade de que haxa un xogo de anfiboloxía co galego *doado: sen ser do(n)ado* ‘sen ser fácil’.

b57-b58: *pegar un chasco: chasco* é voz común ao castelán e ao portugués, posiblemente de orixe onomatopeica. En castelán rexístrase desde comezos do XVII, en portugués no XVIII. En galego non figura coa acepción de ‘decepción brusca, desengano, escarnio’ nos dicionarios anteriores ao século XX, non sendo en Pintos (1865) e en Valladares (1884); Sarmiento, Sobreira e outros lexicógrafos só recollen *chasco* como ornitónimo. Posiblemente *chasco* como ‘decepción, desengano, etc’ é castelanismo en galego, como o é en catalán (Corominas-Pascual, DCECH, s.v.). *Chupón* (de *chupar*) está con significado próximo ao de *petardeiro, petardista*.

b58: *ben salado: ben salgado*, con sal ‘graza, enxeño, comicidade’.

b62: *Meterlle as cabras a un: ‘desafíalo, enfrontarse a el’*. Eladio Rodríguez (1958-61) recolle no seu dicionario *mete-las cabras no curral* e dálle o significado de «amedrentar a uno, ponerle miedo y apretarle con amenazas de perjudicarlo», e toma de Noriega Varela unha variante: «*Quérenche metelas cabras na horta, dícese a aquel a quien algunos tratan de molestar*» (Santamarina 2003: s.v. cabra).

b63-b64: Resultan confusos estes versos. Quizais *deselles* (déselles?) é erro de copia por *déchelles*.

b65: noutros lugares (b29, b31, b97) o autor das décimas emprega *bo*, mesmo en rima (b195), polo que este pode ser un erro do copista, quen usa *bon* no título.

b69: *amolalar* emprégase nas súas dúas acepcións: a figurada de ‘enfasiar, molestar, incomodar’ e a recta ‘desbastar, afiar (o gume dunha ferramenta)’, de aí que se diga que se ben o personaxe xa é puntiagudo (polo apelido, b70), o cura foi quen de amolalo.

b72: *alcaguete: debe lerse alcagüete*.

b73: *para o meu saynete* ‘para a miña satisfacción, para a miña diversión’. É

a acepción de *sainete* como «cualquier cosa que mueve a la complacencia» que recolle o dicionario da RAE de 1822.

b80: Os signos de exclamación do manuscrito semellan obra do copista, e dificultan a lectura, pois *San Fernando* é o suxeito de *lograba* (v. 79). Probablemente o remate desta décima encerra unha antítese entre San Martiño (non mencionado, suxerido pola *capa*) e San Fernando. Quizais pode interpretarse unha contraposición simbólica dos haxiónimos: San Martiño representaría o autóctono, San Fernando o foráneo. Quizais don Pastor Rico residía na veciña parroquia de Covas, que ten por advocación San Martiño. San Fernando era o padroeiro dos militares e a advocación da parroquia castrense, daquela situada en Esteiro (logo trasladaríase á igrexa do antigo convento de San Francisco).

b82-b83: *cortaba por largo*: ‘non reparaba en gastos’.

b88: *arrefugiarte* no manuscrito, por *a refugiarte*.

b89: un novo xogo de palabras co apelido do comisario.

b94: *dou ó demo*: Eladio Rodríguez recolle no seu dicionario a acepción empregada: «*Dou ó demo se...*, denota casi imposibilidad: *Dou ó demo se agora se pode vivir*» (Santamarina 2003: s.v. *demo*).

b95: *fregado, gaspachos*: A acepción de *fregado* co significado de ‘enredo’ é probablemente un castelanismo. Recóllea por primeira vez o dicionario da RAE en 1869: «Fregado: *m.* La acción y efecto de fregar. Usase también familiarmente como met. por enredo.», catro décadas despois do noso texto. Quizais era expresión propia de ambientes militares, o que explica a súa presenza na fala de Ferrol. O uso de *gaspacho* co significado de ‘mestura mal feita’ tamén ten orixe no castelán; xa o empregaba con ese valor no século XVIII o cura de Fruíme en galego, cunha forma agalegada *gaspallo* (*Non fagas copras mordentes | que no teu frío gaspallo, | ben conocemos ó Allo, | sin que nos mostres os dentes*).

b97: A puntuación do manuscrito dificulta a interpretación do verso. Posiblemente a orixinal era *un libriño bó —a cachos—...* Isto é, o autor matiza, por modestia, o adxectivo que lle aplica ao libro que proxecta. Se non bo, polo menos *bo a cachos*.

b98-b99: *facer verter babas* é ‘provocar moita risa’. *Metiche as cabras*: o orixinal debía ter *crabas*, rimando con *babas*; a copia corrixe a metátese de *r* pero rompe a consonancia da rima.

b100: *eylles de botar os machos*: ‘heinos de alborotar’. O *lles* refírese ás mesmas persoas ca o *lles* do verso precedente, o comisario e a súa comitiva. *Botar os machos* úsase propiamente para referirse ao gando; *botarlle o macho (ás femias)* é ‘cubrilas’; en sentido figurado emprégao tamén o cura de Fruíme en castelán: *¡En ayre de charlatán / andais con los maragatos / á pullas, sin advertir / que os pueden echar los machos!*” (Cernadas 1778: 264).

b108: *tadora* no manuscrito.

b110: de Malata: así no manuscrito (seguramente *da Malata* no orixinal).

“Pedimento”

c1: *ante V.S.*: por razóns de métrica, debe lerse *ante Usted*.

c12: *el pabellón regio*: Ferrol, que era vila reguenga (la “Real Villa del Ferrol”).

c16: *al Marino Ministerio*: nas dependencias da administración da mariña de guerra.

c17: *me soplabá de corripias*. O Dicionario da RAE (2003: s.v.) recolle unha acepción de *soplar* como pronominal co significado de “Apresurarse, correr”, propia de Costa Rica. É a mesma acepción empregada no texto. *Corripia* é unha variante de *curripa*, *corripa*, *escurripa* (‘cercado ou lugar onde se botan a secar os ourizos das castañas’). Nun emprego figurado, por asociación co verbo *correr*, usouse *de corripias* co significado de ‘rapidamente, velozmente, a correr’; recolle este uso Eladio Rodríguez: «*Facer unha cousa de corripias*, hacerla pronto y ligeramente, aunque sin fijarse en detalles y sin cuidarse de que salga perfecta».

c30. *Esteyro*: Esteiro era o barrio onde residía a mariñeiría e as clases traballadoras. Nel estaba a primitiva parroquia castrense de San Fernando, trasladada en 1847 á igrexa do antigo convento de San Francisco.

c36: *y a gastar*: por razóns métricas non hai sinalefa entre a conxunción e a preposición.

c53: suplico a v.s: Por razóns métricas debemos ler a abreviatura como *usted*, sen sinalefa entre o verbo (suplico) e a preposición.

c63: *Firma* aparece coa abreviatura *F^a* no manuscrito.

c75: Menciónase aquí con intención cómica, para introducir o latinismo e darlle aspecto legal ao texto, mais non parece pertinente a *lex de duobus reis debendi*, una excepción aplicable en casos onde hai dous ou máis debedores principais que son responsables conxunta pero non solidariamente.

CODA

Na literatura galega, o topónimo *Esmelle*, procedente dun xenitivo de posesor ISMAELI, viña sendo un termo cargado de connotacións literarias mercé ao *Merlín e Familia* de Cunqueiro, cuxo primeiro capítulo se abre coa célebre sentenza de que *Quizaves millor que decila fora pintala, a selva de Esmelle*. Coa aparición da *Carta do Cura de Esmelle*, as resonancias literarias deste topónimo pasan a ter un precedente, século e medio anterior, referido neste caso ao Esmelle real, en terra de Trasancos. No Arquivo Diocesano de Mondoñedo, coa cidade *rica en aguas y latines* adornada de carteis que celebran o centenario do nacemento de Cunqueiro cunha frase relativa a 900 primaveras, puidemos descubrir a identidade do cura de Esmelle autor da carta. O seu primeiro apelido paterno é sen dúbida o toponímico correspondente ao seu lugar natal de Fonte do Lobo, pero o noso cura escríbeo sempre coa forma castelanizada. Seguramente *Don Xosé María Fonte Montenegro* ou *Don Xosé María Fonte do Lobo Montenegro* sería un nome moito máis eufónico. Quen sabe se polo segundo apelido, tamén paterno, non terá algún parentesco máis ou menos remoto con don Álvaro Cunqueiro Mora-Montenegro.

BIBLIOGRAFÍA

- BALMASEDA, FERMÍN MARTÍN DE (1824): *Decretos y resoluciones de la Junta Provisional, Regencia del Reino y los expedidos por Su Magestad desde que fue libre del tiránico poder revolucionario comprensivo al año de 1823*. Tomo VII. Madrid: Imprenta Real.
- BLANCO VALDÉS, ROBERTO LUIS (1988): *Rey, cortes y fuerza armada en los orígenes de la España liberal 1808-1823*, Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- CARDESÍN, JOSÉ MARÍA (s.d.) “ ‘Historia de dos ciudades’: la memoria de Ferrol, entre la Marina de Guerra y la Clase Trabajadora”, pp 1-31, en *Ferrol: Historia urbana*. Calameo (<<http://www.calameo.com/books/0000792598a282d9ecc40>> [último acceso, 17-02-2011])
- CERNADAS Y CASTRO, DIEGO ANTONIO (1788): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime*. Tomo I. Madrid: Joachin Ibarra, impresor de Cámara de S.M.
- CORDE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. *Corpus diacrónico del español*. <<http://corpus.rae.es/cordenet.html>> [último acceso 15-03-2011]
- DCECH = COROMINAS, JUAN - PASCUAL, JOSÉ ANTONIO (1980): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos.
- DdD = SANTAMARINA FERNÁNDEZ, ANTÓN (2003): Diccionario de diccionarios da lingua galega. Santiago de Compostela: Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega - Fundación P. Barrié de la Maza (<<http://sli.uvigo.es/ddd/>> [último acceso: 15-03-2011])
- DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001 [22ª]): *Diccionario de la Lengua Española* (<http://buscon.rae.es/draeI/> [último acceso 15-03-2011])
- EME = *Estado Militar de España*. Madrid: Imprenta Real. Anuario (Consultáronse os números de 1815 a 1844 na *Hemeroteca Digital* da Biblioteca Nacional de Madrid. <http://hemerotecadigital.bne.es> [último acceso 17-02-11]).
- FEBRERO, JOSEF (1789): *Librería de escribanos e instruccion juridica theoretico práctica de principiantes*, por Don Josef Febrero, natural de la ciudad de Mondoñedo, Escribano Real y del Colegio desta Corte y Agente de Negocios de los Reales Consejos. Madrid: Imprenta de Pedro Marín.
- FERNÁNDEZ DURO, CESÁREO (1972 [1903]): Historia de la armada española desde la unión de los reinos de Castilla y de Aragón. Volumen IX (1808-1833). Madrid: Insitito de Historia y Cultura Naval. [<http://www.armada.mde.es/html/historiaarmada/> (último acceso: 1-01-2011)]
- MADOZ, PASCUAL (1845-49): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Establecimiento Tipográfico de Madoz y Sagasti.
- MARIÑO PAZ, RAMÓN e SUÁREZ VÁZQUEZ, DAMIÁN (2010): “Edición de textos das primeiras décadas do séc. XIX”, en Instituto da Lingua Galega: *Memoria de actividades 2009*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- MARTÍN GARCÍA, ALFREDO (2000): “La jurisdicción eclesiástica castrense en el Departamento de Ferrol”, en *Revista de Historia Naval*. Nº 70 pp 47-60. Madrid: Ministerio de Defensa. Servicio de Publicaciones de la Armada.
- MONTERO y ARÓSTEGUI, JOSÉ (1859): *Historia y descripción de la ciudad y Departamento Naval del Ferrol*. Madrid: Imprenta de Beltrán y Viñas.
- MORAZZANI DE PÉREZ ENCISO, GISELA (1966): *La intendencia en España y en América*. Madrid: Universidad Central.

- NIEVA, JOSEF MARIA DE (1833): *Decretos del Rey Nuestro Señor D. Fernando VII y de la Reina su Augusta Esposa*, Vol. 17. Madrid: Imprenta Real.
- OSUNA REY, JUAN MANUEL (2006): *Los franceses en Galicia. Historia militar de la guerra de independencia en Galicia (1809)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ROSELL, CAYETANO (1865): *Crónica General de España. O sea, Historia ilustrada y descriptiva de sus provincias*. V. 1. Coruña. Madrid: Sociedad Editorial Aquiles Ronchi.
- VILLARES MOUTEIRA, FÉLIX (2007): *Un alpendre de sombra e de luar: a historia literaria da Diocese de Mondoñedo-Ferrol*. Santiago de Compostela: Biblos Clube de Lectores.